

Dona KATHERINIE VARELA FERNANDEZ, na súa calidade de Portavoz do Grupo Municipal Popular no Concello de Monforte de Lemos, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación municipal, a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO PARA INSTAR Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO A REALIZAR AS MELLORAS NECESARIAS NA ESTRADA LU-P-3201

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente están practicamente rematadas as obras levadas a cabo na estrada LU-P-3201, de titularidade da Deputación Provincial de Lugo. Estes traballos consistiron na rehabilitación do firme, ao seu paso polo municipio monfortino, e a creación de dúas beirarrúas na estrada, pero que non chegaron ao núcleo da parroquia de Piñeira.

Este Grupo Municipal xa reivindicou a necesidade de incrementar a seguridade nesta estrada, precisamente a o seu paso por esta parroquia.

Mantivemos diversos encontros cos veciños que reivindican o aumento da seguridade, con pasos de peóns ao seu paso polo núcleo da parroquia, e sendas peonís que cheguen precisamente a esta parroquia, sen esquecer a necesaria mellora do paso inferior baixo a vía do tren.



O Grupo Municipal Popular de Monforte de Lemos considera acertadas estas demandas e lamenta que non se realizasen estas melloras agora que se están a facer obras nesta estrada.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta a seguinte proposta de acordo para a súa aprobación no Pleno da Corporación Municipal:

- Que o Concello de Monforte inste Á Deputación de Lugo a realizar as seguintes melloras na estrada LU-P-3201 a o seu paso por este concello:
 1. Sendas peonís ata o núcleo principal de poboación da parroquia de Piñeira
 2. Mellora do paso inferior baixo a vía de ferrocarril.
 3. Pasos de peóns, se procede algún deles elevado, ao seu paso polo núcleo de poboación da parroquia de Piñeira.